

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2017.*

Advertidos erros na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 58, do 23 de marzo de 2017, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 13982, artigo 7, número 1, letra g), parágrafo segundo, onde di: «Con independencia do importe do gasto subvencionable, deberán solicitarse, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores para todos os gastos incluídos no proxecto que se pretende levar a cabo. As ofertas deberán vir asinadas electronicamente pola empresa que as emite», debe dicir: «Con independencia do importe do gasto subvencionable, deberán solicitarse, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores para todos os gastos incluídos no proxecto que se pretende levar a cabo. As ofertas deberán vir asinadas, preferentemente de forma electrónica, pola empresa que as emite».

